

Para ampliar

75 Calcula:

a) $1 - \frac{3}{5} + \frac{1}{2}$

b) $4 - \frac{1}{2} + \frac{2}{3}$

Solución:

76 Realiza as seguintes operacións:

a) $\frac{7}{6} - \left(\frac{1}{2} + \frac{2}{3}\right)$

b) $3 - \frac{5}{2} + \frac{4}{5}$

c) $5 - \frac{4}{3} - \left(\frac{7}{9} + \frac{5}{3}\right)$

d) $\frac{7}{3} + \frac{3}{2} - \frac{4}{15} - 3$

Solución:

77 Calcula:

a) $\frac{4}{3} \cdot \frac{5}{6} \cdot \frac{1}{2}$

b) $2 \cdot \frac{1}{4} \cdot \frac{2}{3}$

c) $\frac{3}{4} : \frac{1}{8} : 2$

d) $15 : \frac{5}{4} : \frac{2}{3}$

Solución:

78 Realiza as seguintes operacións:

a) $\frac{5}{4} + 2 - \left(\frac{3}{8} + \frac{5}{2}\right)$

b) $2 + \frac{2}{3} - \left(\frac{4}{5} - 1\right)$

c) $\frac{1}{2} : \left(\frac{3}{5} - \frac{7}{10}\right)$

d) $2 + \left(\frac{5}{2} - \frac{3}{4}\right) : \frac{3}{2}$

Solución:

79 Calcula:

a) $\left(\frac{2}{3} + 1\right) \cdot \left(\frac{3}{4} + \frac{3}{2}\right)$

b) $\left(\frac{9}{4} + \frac{2}{3}\right) : \left(\frac{11}{6} - 3\right)$

c) $\frac{3}{5} + \frac{3}{2} : \left(\frac{2}{3} - \frac{1}{6}\right)$

d) $\frac{5}{2} \cdot \frac{1}{3} - \frac{3}{4} : \frac{9}{2}$

Solución:

80 Un edificio ten 8 pisos máis unha planta baixa de local comercial. Estima a altura total do edificio se a de cada piso é de 3,2 m e a do local comercial é de 3,7 m.

Solución:

81 Mercamos accións dunha empresa a 10,45 euros cada acción. Se a compra foi por valor de 9927,5 euros, calcula cantas accións mercamos finalmente?

Solución:

82 Unha parcela mide 45 m por 235 m. Se o metro cadrado custa 0,75 €, canto se pagará pola parcela?

Solución:

83 Sabendo que a fracción xeratriz do número decimal $0,\overline{3}$ é $\frac{1}{3}$, calcula as fraccións xeratrices dos seguintes números decimais:

a) $2,\overline{3}$

b) $0,0\overline{3}$

c) $4,0\overline{3}$

Solución:

Exercicios e problemas

84 Expresa en forma de fracción e calcula:

a) $7,4 - 1,2 : 3,4$

b) $1,4\overline{6} - 0,2\overline{3}$

Solución:

85 Utilizando o valor de $\pi = 3,14$, calcula a lonxitude dunha circunferencia de 4,7 m de radio e redondea o resultado a centímetros.

Solución:

86 Quérese embaldosar unha habitación de 4,62 m de longo por 3,45 m de ancho. Cantos metros cadrados de baldosas farán falla? Redondea o resultado a metros cadrados.

Solución:

87 Mercáronse 2 bolígrafos a 0,6 € cada un, 4 cadernos a 1,3 € cada un e un archivador a 5,8 €. Fai unha estimación do diñeiro pagado.

Solución:

Con calculadora

88 Calcula:

a) $\frac{7}{6} - 3 + \frac{4}{15}$

b) $\frac{25}{36} + \frac{14}{9} - 2$

c) $\frac{18}{35} \cdot \frac{14}{27}$

d) $\frac{75}{16} : \frac{21}{8}$

Solución:

89 Calcula:

a) $\frac{3}{16} + \frac{25}{32} \cdot \frac{4}{15}$

b) $\frac{95}{36} : \frac{4}{3} - \frac{5}{6}$

c) $\frac{4}{5} : \left(-2 + \frac{7}{25}\right)$

d) $\left(\frac{5}{8} - 5\right) : \frac{13}{16}$

Solución:

90 Calcula:

a) $\left(1 - \frac{16}{7}\right) \cdot \left(2 - \frac{20}{9}\right)$

b) $\left(\frac{13}{50} - \frac{11}{25}\right) : \left(1 - \frac{6}{25}\right)$

Solución:

Problemas

91 André e Marta teñen o mesmo diñeiro aforrado. André gastou dous terzos, e Marta, cinco sétimos. Ordena de menor a maior o diñeiro que lles queda aforrado.

Solución:

92 Un guindastre está elevando $\frac{5}{7}$ dos 224 kg que pode elevar como máximo. Cantos quilos está elevando?

Solución:

- 93 Un rectángulo ten de altura $\frac{3}{5}$ da lonxitude da base. Se esta mide 25 cm, cal é a área do rectángulo?

Solución:

- 94 Nun centro escolar hai 657 estudantes. Se o número de rapaces é $\frac{4}{9}$ do total, cantos rapaces e cantas rapazas hai no centro?

Solución:

- 95 Se lín os $\frac{6}{7}$ das 252 páxinas dun libro, e despois leo os $\frac{2}{3}$ das páxinas que me quedan, cantas páxinas me faltan para acabar o libro?

Solución:

- 96 Unha segadora sega os $\frac{3}{5}$ dunha leira nunha xornada, e outra segadora, os $\frac{2}{7}$ no mesmo tempo. Que fracción da leira segarán nunha xornada se traballan as dúas á vez?

Solución:

- 97 Dunha botella de auga dun litro e medio gastáronse $\frac{3}{4}$ de litro. Canta auga queda?

Solución:

- 98 Se un metro de cable custa 3 €, canto custarán $\frac{3}{4}$ de metro de cable?

Solución:

- 99 Destináronse $\frac{2}{3}$ da superficie dunha leira para sementar cereal. Por un problema na terra deixouse sen cultivar $\frac{1}{6}$ da superficie que se ía empregar. Que fracción da leira se utilizou para sementar o cereal?

Solución:

- 100 Marta empregou $\frac{3}{5}$ dos cartos que ten en mercar uns discos, e $\frac{1}{2}$ do que lle quedaba, nun regalo para a súa irmá.

- a) Que fracción de diñeiro gastou?
b) Se lle quedan 6 €, que diñeiro tiña ao principio?

Solución:

- 101 Elvira e Xosé Manuel consumiron os $\frac{2}{3}$ dunha botella de refresco, e despois beberon $\frac{1}{6}$ do total. Que fracción do total queda na botella de refresco?

Solución:

- 102 Nunha clase, $\frac{8}{25}$ do alumnado obtivo unha cualificación superior a suficiente, e $\frac{1}{2}$ obtivo suficiente. Que fracción do total do alumnado da clase suspendeu?

Solución:

Exercicios e problemas

- 103** Dunha garrafa de auga sacáronse $\frac{3}{7}$; e unha hora despois, a metade do que quedaba. Que fracción do total de auga se consumiu?

Solución:

- 104** Dun anaco de corda cortáronse $\frac{2}{5}$ do total, e quedou un anaco de 21 cm. Cal era a lonxitude da corda?

Solución:

- 105** Entre Nuno e o seu pai están organizando a súa biblioteca. Nuno colocou $\frac{3}{10}$ dos libros, e o seu pai, $\frac{3}{5}$ do total. Se aínda lles quedan 64 libros sen colocar, cantos libros teñen na biblioteca?

Solución:

- 106** Cantas botellas de $\frac{3}{2}$ de litro se poden encher con 72 litros de auga?

Solución:

- 107** María mercou unha chaqueta que custa 68,25 € e unha camisa que custa 18,72 €. Se entregou 100 €, canto lle devolverán?

Solución:

Para profundar

- 108** Un xardineiro sega a metade dun xardín pola mañá. Pola tarde sega a terceira parte do que queda, e aínda lle quedan 30 m² sen segar. Cantos metros cadrados ten o xardín?

Solución:

- 109** Unha roda avanza $\frac{3}{5}$ de metro ao dar unha volta. Cantas voltas debe dar para avanzar 15 m?

Solución:

- 110** Nunha tenda de informática montan $\frac{2}{5}$ dos ordenadores dun pedido. Ao día seguinte montan $\frac{5}{6}$ dos ordenadores que quedaban, e o terceiro día, os $\frac{4}{5}$ do resto. Se o pedido era de 50 ordenadores, cantos lles quedan para terminar?

Solución:

111 Nun investimento de 4 000 € obtivemos unha rendibilidade de $\frac{1}{20}$. Se debemos pagar $\frac{9}{50}$ dos beneficios a Facenda, cantos cartos gañaremos?

Solución:

112 Temos un depósito para trigo cheo con $\frac{3}{8}$ da súa capacidade. Engádenselle 132 kg e énchese ata $\frac{5}{6}$ da súa capacidade. Cal é a capacidade do depósito?

Solución:

113 Calcula mentalmente cantos minutos son:

- a) Un cuarto de hora.
- b) Media hora.
- c) Tres cuartos de hora.

Solución:

114 A porcentaxe é unha cantidade de cada 100 unidades. Expresa as seguintes porcentaxes en forma de fracción irredutible e de número decimal:

- | | |
|--------|--------|
| a) 10% | b) 25% |
| c) 50% | d) 75% |

Solución:

115 En 250 g de mestura de café, 50 g son de café torrefacto, e o resto, de café natural. Expresa a fracción de café torrefacto e natural en 100 g. A que porcentaxe corresponde cada fracción?

Solución:

116 O 40% do alumnado dun centro escolar practica atletismo. Se o centro ten 600 alumnas e alumnos, calcula o número deles e delas que practica atletismo.

Solución:

Comproba o que sabes

- 1 Define que é aproximar un número decimal e pon un exemplo.

Solución:

- 2 Calcula:

a) $2 - \frac{5}{6} + \frac{1}{4}$ b) $\frac{2}{3} - \left(\frac{1}{2} + \frac{3}{4}\right)$

Solución:

- 3 Calcula

a) $\left(\frac{4}{5} - 2\right) \cdot \left(\frac{7}{4} - \frac{5}{6}\right)$ b) $\frac{7}{5} : \frac{7}{10} - \frac{5}{6} : \frac{1}{4}$

Solución:

- 4 Calcula:

a) A seguinte división obtendo dous decimais no cociente: $42,7 : 7,08$
b) $(45,14 - 13,205) \cdot 9,6$

Solución:

- 5 O perímetro dun triángulo equilátero mide 24,8 m. Calcula o lado do triángulo e redondea o resultado a centímetros.

Solución:

- 6 Atopa a fracción xeratriz de:

a) 1,25 b) $8,\bar{3}$ c) $2,\overline{681}$

Solución:

- 7 Un coche consumiu 31,32 litros de gasolina en 540 km. Canto consome cada 100 km?

Solución:

- 8 Marta empregou $\frac{3}{5}$ do diñeiro que ten en mercar uns discos, e $\frac{1}{2}$ do que lle quedaba, nun regalo para a súa irmá.

- a) Que fracción de diñeiro gastou?
b) Se lle quedan 6 €, que diñeiro tiña ao principio?

Solución: